

ANUNCIO**ÓRGANO: XUNTA DE GOBERNO LOCAL****DATA: 18/12/2025****APROBACIÓN DO PREZO PÚBLICO PARA AS ACCIÓNS FORMATIVAS DE
ALFABETIZACIÓN DIXITAL NO ANO 2026****Artigo 1. Obxecto**

De conformidade co establecido no artigo 41 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e nas bases de execución do Concello de Vedra, fíxase as contías dos prezos públicos aplicables ás accións formativas de Alfabetización Dixital para todas as idades, organizadas na Aula CEMIT de Vedra.

Artigo 2. Persoas obrigadas ao pagamento

Persoas participantes da actividade e, no seu caso, os pais, titores ou responsables dos menores, que se beneficien dos servizos da actividade “Alfabetización Dixital” referida no artigo anterior.

Artigo 3. Contía

A cantidade que se debe pagar en concepto de prezo público pola participación en cada acción é:

ALFABETIZACIÓN DIXITAL	35€/ CURSO
------------------------	------------

Artigo 4. Normas de xestión

O pago do prezo público realizarase mediante domiciliación bancaria debidamente autorizada coa sinatura e presentación da inscrición na actividade. Excepcionalmente poderá habilitarse outra forma de pagamento.

Os cargos efectuaranse ao inicio da actividade.

Artigo 5. Devolución de ingresos.

Procederá nos seguintes casos:

1. Por causas imputables ao concello, por non terse realizado a actividade.
2. Por motivos de causa maior, debidamente xustificada.

Artigo 6. Lexislación aplicable

En todo o non previsto no presente acordo estarase ao disposto no Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, na Lei 8/1989, de 13 de abril, de taxas e prezos públicos, na Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria,

Vedra, 19 de decembro de 2025

O Alcalde (documento asinado dixitalmente)